



ASUNTO: ACORDO SOBRE ALLEAMENTO POR ADJUDICACIÓN DIRECTA DA EMBARCACIÓN BIARRI DECLARADA EN SITUACIÓN DE ABANDONO E INCAUTADA POR PORTOS DE GALICIA.

En virtude de resolución da Presidencia de Portos de Galicia feita pública no Boletín Oficial do Estado número 32 do 6 de febreiro de 2024, se declarou a embarcación de nome BI ARRI con matrícula 7ª-BA-390-95 en situación de abandono, o que por aplicación do previsto no artigo 128 da lei 6/2017, de 12 de novembro, de Portos de Galicia, determinou que a súa propiedade fora incautada pola EPE Portos de Galicia, pasando a converterse nun ben patrimonial moble integrado no patrimonio de Portos de Galicia.

Considerando a taxación de dito ben moble realizada por técnicos desta entidade que non supera os 6.000 euros, por aplicación do establecido no artigo 103 da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e seguindo os parámetros establecidos no artigo 129 desa Lei, no Diario Oficial de Galicia número 88 do 6 de maio de 2024, e na páxina WEB de Portos de Galicia, se publicou a cédula do 23 de abril de 2024 pola que se anunciaba a incoación de expediente para a venda directa da embarcación de nome BIARRI incautada por este Organismo.

Transcorrido o prazo máximo previsto na citada cédula para presentar proposicións que debían de axustarse ao prezo mínimo de partida de 5.958,00 euros, non se presentou ningunha oferta de compra.

O Acordo de incoación do procedemento e de aprobación das bases emitido por esta Presidencia o 22 de abril de 2022, sinalaba que finalizado o presente expediente, e de non presentase ofertas ou de resultar rexeitadas as presentadas, Portos de Galicia podería acordar que a embarcación seguira suxeita a un procedemento de alleamento directo sen suxeición a prazo algún, no que calquera interesado podería presentar unha proposta de compra suxeita ao cumprimento dos requisitos formais esixidos pola Lei de Patrimonio, e sen que neste caso se establecera un prezo mínimo de postura.

Visto canto queda exposto, e por motivos de interese público que o fan convinte, esta Presidencia, como Órgano competente en virtude da Resolución do Consello Reitor de Portos de Galicia do 29 de agosto de 2018 feita pública no DOGA nº 177, do 17 de setembro de 2018, que delega a competencia prevista no artigo 23.5 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, acorda que a embarcación BI ARRI con matrícula 7ª-BA-390-95, depositada na actualidade en recinto pechado do porto de Foz, siga suxeita a procedemento de venda directa.

Na súa virtude calquera persoa interesada poderá presentar unha proposta de compra da citada embarcación sen que se estableza un prezo mínimo de postura.

Nas propostas de compra deberán de figurar os datos de identificación da persoa que formule a oferta así como o importe desta.

Para este efectos poderá empregarse o modelo de oferta económica que se inclúe como anexo II nas bases do procedemento que quedou deserto e que se atopan publicadas na páxina web <https://portosdegalicia.gal>, sección comunicacións e Avisos, epígrafe alleamento de embarcacións.





Examinadas as ofertas e de estimarse estas axeitadas, se formalizará o alleamento e entrega directas da embarcación con suxeición aos requisitos formais esixidos pola Lei de Patrimonio, o que esixirá o aporte previo de documentación acreditativa da capacidade do ofertante que poderá suplirse coa presentación do modelo de declaración responsable contido no anexo III das bases do procedemento antes indicado, e de ser o caso, o aporte da garantía á que se refire a condición Cuarta.

Santiago de Compostela.

O PRESIDENTE

JOSE ANTONIO ALVAREZ VIDAL

